

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA FUNDACIÓ PRIVADA BANC
SABADELL Y LA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA CON
MOTIVO DEL XII ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA formalizou o 4 de agosto de 2022 coa FUNDACIÓ PRIVADA BANC SABADELL, o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista desde o día da súa sinatura ata o 1 de setembro de 2022, data límite para a realización íntegra das actuacións e cumprimento das obrigacións obxecto do presente convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos e condicións da colaboración económica da Fundación BS no EAN que organiza a Fundación Cidade da Cultura do día 28 de agosto ao 1 de setembro de 2022, comprometiéndose a Fundación Cidade da Cultura á difusión da colaboración nos termos do presente Convenio.

O XII Encontro de Artistas Novos (EAN) consiste no acollemento de 40 artistas emerxentes para que convivan nun entorno propicio ao intercambio de experiencias e debate ao redor da arte actual.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, entidade cultural que carece de ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos



fins de interese xeral propios da Institución, e que ten entre os seus fins a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.

Pola súa parte, FUNDACIÓ PRIVADA BANC SABADELL , é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en 1994 có gallo de estimular a excelencia e promover o coñecemento e a cultura. Promoven actividades de divulgación, formación e investigación nos ámbitos educativo, científico e cultural, así como apoiar os novos talentos.

Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia recibirá a aportación da FUNDACIÓ PRIVADA BANC SABADELL de 20.000 para sufragar os gastos de matrícula de inscrición, estancia en réxime de pensión completa, transportes diarios a Cidade da Cultura de Galicia e a las diferentes instituciones culturales que también participan, así como un seguro de cobertura por enfermedades y accidentes.

Que a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA destinará a axuda aos gastos do EAN e publicitará a colaboración.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

